





uns poucos dos n^{oss}os
arácnidos




Os arácnidos son artrópodos con quelíceros (apéndices ao pé da boca que utilizan para suxeitar ás presas, perforalas e inxectarlles os produtos tóxicos que as inmovilizan e/ou as matan). Acolle, entre outros, as arañas, os escorpións e os ácaros.

Están presentes en todos os climas, e algúns son quen de vivir nas maiores altitudes; so faltan nas zonas polares. Entre nós os mais comuns e coñecidos son as arañas

Teñen o corpo dividido en dúas partes: o prosoma (ou cefalotórax) e o opistosoma (ou abdome).

Na parte de diante e por debaixo, do prosoma atópanse inseridos os apéndices principais: un par de quelíceros, xunto á boca, un par de pedipalpos, ás veces moi desenvolvidos, catro pares de patas locomotoras e os ollos, simples, dos que adoitan ter un ou máis pares.



As arañas son cazadoras e depredadoras, para iso, moitas, constrúen arañeiras, teas de captura, nas que quedan atrapados os bechos dos que se alimentan.






Cada clase de araña fai unha tea diferente, que en moitos casos tamén serve para identificalas.


Ao non teren mandíbulas, non poden cortar nin mastigar os alimentos, por iso teñen que alimentarse con substancias líquidas. Para obtelas inxectan nas presas, inmovilizadas, enzimas que lle disolven os órganos internos, até convertelos nun caldo, que logo zugan.



Teñen reprodución con metamorfose simple. Despois dun cortexo, por veces bastante complexo, e a fecundación; as arañas constrúen un niño, un casulo de seda, no que depositan os ovos.

Niños de diferentes clases de arañas.





Moitas especies coidan os ovos ate que eclosionan, e outras transportan os ovos consigo, e aínda ás crías recién nacidas.



Dos ovos saen as ninfas, unhas réplicas dos proxenitores de tamaño reducido, que despois de varias mudas, acadan o estado adulto.




Crías de *Araneus diadematus* iniciando a súa dispersión.



Uns cantos arácnidos dos nosos arredores

Hydrachna sp.

Mide uns 2 mm. Atópase en fondos areosos con vexetación, en augas doces de corrente lenta.



***Trombidium holosericeum*.**

Mide de 2 a 3 mm, mais as fêmeas adultas poden chegar aos 6 mm. Atópase debaixo de pedras e entre restos vexetais. As larvas son parásitos externos de outros animais.




Escaravello bosteiro parasitado por larvas de ácaro.





Araña vermella do toxo (*Tetranychus lintearius*).
Macho 0,3 mm e femia 0,5 mm. Constrúe teas que
chegan a cubrir por completo as plantas nas que se
desenvolven as súas colonias.






macho



femia

Hyalomma sp.

Miden uns 4 mm, aínda que, despois de alimentárense, as femias poden chegar aos 10 mm. Atópanse en herbas e matos, desde onde pasan aos hospedadores para alimentarse do seu sangue.



Femia a piques de abandonar ao seu hospedador despois de pasar uns días alimentándose do seu sangue.

***Gyas titanus*.**

Machos de 7 a 8 mm, fêmeas até 10 ou 12 mm. A súa lonxitude total pode chegar aos 15 cm. Atópase en espazos, de sombrizos a escuros, con humidade alta: preto de correntes de auga, zonas encharcadas e entradas de covas.



Phalangium opilio.

Machos de 3,5 a 7 mm, fêmeas de 4 a 8 mm. As patas poden medir até 5 cm. Atópase en espazos abertos solleiros.




***Metaphalangium cirtanum*.**
Mide de 4 a 8 mm. Atópase
en pasteiros e terreos
solleiros con pedras.





ARAÑAS



***Araniella cucurbitina*.**

Femia até 8 mm e macho arredor de 5 mm.
Atópase entre herbas, en claros de bosque.





Mangora acalipha.

Macho 3 mm, femia 6mm. Atópase
maiormente entre a herba.



***Metellina* ou *Meta segmentata*.**

Macho 5 a 7 mm e femia 7a 9 mm.

Atópase en espazos abertos:
praderías, beiras de bosques,
xardíns,...





macho



Niño de Argiope

Argiope brunniechi.

Araña cesteira -pola forma da bolsa na que pon os ovos-.

Macho corpo de 4 a 6 mm e femia 14 a 20 mm. Atópase en pasteiros e matos abertos, no medio da tea, preto do chan.



femia




Araneus diadematus.

Macho de 4 a 11 mm e femia de 10 a 22 mm. Atópase en xardíns, hortas, beiras de arboredas, a cotío, no medio da súa tea.




***Araneus angulatus*.**

Macho de uns 10 mm e femia de entre 15 e 20 mm. Atópase entre árbores, en sebes e, ás veces, en cultivos.



Agalenatea redii.

Macho 5 a 6 mm, femia 7 a 10 mm.
Atópase en espazos abertos secos e
solleiros.



Nuctenea umbratica.

Macho 7 a 9 mm
femia 11 a 16mm. Fai
unha tea grande en
zonas arboradas.



***Oxyopes lineatus*.**

Macho 4 a 5 mm, femia 6 a 8 mm. Atópase en plantas baixas e matos.



***Tibellus oblongus*.**

Macho de 5 a 7,5 mm e femia de 6 até 13 mm. Em prados, húmidos ou secos, expostos ao sol.



Xisticus cristatus.

Macho 5 mm e femia até 8 mm. Atópase, en espazos abertos con vexetación baixa, as máis das veces no chan.






***Xysticus* sp.**

Machos 3 a 5 mm, as fêmeas até 10 mm. Son bastante terrestres.






macho



femias



Synaema globosum.

Macho 4 mm femia 8 mm.

Atópase, case sempre, en flores.



Thomisus onustus.

Macho de 2 a 4 mm, femia 7 a 10 mm. Atópase e espazos abertos con flores.

Esta araña é quen de,
nun par de días,
adaptar a súa cor á
das flores nas que se
asenta





femia



macho



Misumena vatia.

Macho 3 a 5 mm, femia de 7 a 11 mm. Atópase nas flores, en espazos solleiros.

Runcinia grammica.

Macho de 2 a 3,5 mm,
femia de 4 a 6 mm.


Atópase en espazos
abertos, prados, con
flores.



Philodromus buxi.

Macho 3 a 3,5 mm, femia 4 a 7 mm.

Atópase en matos e herbas de lugares solleiros.



***Tmarus angulatus*.**
Mide entre 6 e 8 mm.
Atópase en flores, en
espazos con humidade.





Pisaura mirabilis.

Macho de 10 a 12 mm e femia de entre 12 e 15 mm. Atópase en espazos abertos, a poder ser, frescos e húmidos.






Tetragnatha montana.

Macho de 6 a 8 mm e femia 7 a 13 mm. Atópase preto de correntes de auga.

***Steatoda grossa*.**

Macho 4 a 8 mm, femia de 6 a 11 mm.
Constrúe teas en lugares cubertos. As
femias poden vivir até 6 anos, os machos
so 1 ou 1,5 anos.





Steatoda nobilis.

Machos de 8 a 10,5 mm, fêmeas de 9,5 a 14 mm.
Atópase en árbores, valados e paredes.



Dysdera crocata.

Macho 9 a 10 mm, femia 11 a 15 mm. Debaixo de pedras, toros,.. onde se atopen bechos bola.





femia ao pé do seu abrigo.

macho

Cheiracanthium punctorium.


Macho de 7,5 a 12 mm e femia de 10 a 15 mm. Atópase en herbeiros e matos abertos e solleiros.





Cheiracanthum mildei.

Macho entre 6 e 8 mm, femia entre 6 e 10 mm.
Atópase en matos e herbas de zonas húmidas.





macho

femia

Micrommata virescens.

Macho de 8 a 10 mm e femia de 10 a 15 mm. Atópase en herbeiros e prados que estean sempre verdes.



Drasodes lapidosus.

Macho mide entre 6 13 mm e a femia entre 9 e 14 mm. Pódese atopar en calquera tipo de hábitat incluídas as zonas urbanas.






femia

Evarcha jucunda.

Macho de 5 a 6 mm, femia de 5,5 a 7,5 mm.

Atópase en matos e xardíns.



macho

Icius congener.

Macho de 3 a 5 mm, femia 5 a 6 mm. Atópase en zonas secas cálidas.

femia



Sassacus vitis.

Macho de 3,5 a 4,5 mm e femia de 4,5 a 5,5 mm.



***Pardosa hortensis*.**
Mide de 4 a 6 mm.
Atópase en prados e
outras zonas abertas.





Pirata piscatorius.

Macho de 4 a 8 mm, femia de 5 a 9 mm. Atópase en zonas húmidas, con ou sen vexetación.



Hogna radiata.

Macho até 18 mm, femia até 25 mm.
Atópase debaixo de pedras en zonas secas.



Arctosa villica.

Macho 10 a 11 mm, femia 13 mm.
Atópase debaixo de pedras, en
sitios secos ou areosos.



Arctosa perita.

Macho de 5 a 7,5 mm, femia de 7 a 9 mm. Atópase en terreos areosos: praias, dunas e matos.



Trochosa ruricola.

Macho de 7 a 9 mm, femia de 8 a 14 mm. Atópase en espazos abertos con pedras e con certa humidade.



Femia ameazada, protexendo o saco dos ovos



macho

femia

Zoropsis spinimana.

Machos de 10 a 13 mm, femias de 10 a 19 mm. Atópase en zonas arboradas e en construcións.



Theridula gonygaster.

Mide de 1 a 3 mm. Atópase en matos e herbas altas, en zonas arboradas e xardíns.



Teridula, ao pé da bolsa na que protexeu os ovos e, arredor, as crías recién nadas.

***Aphantaulax trifasciata*.**

Macho de 4 a 6,5 mm, femia de 6 a 10,5 mm. Debaixo das pedras, preto da costa e de correntes de auga.



Pholcus phalangioides.


Macho 7 a 10 mm, femia 7 a 8 mm.

Atópase en sitios escuros.



***Pholcus opilionoides*.**

Macho de 4 a 5 mm, femia até 5,5 mm. Atópase debaixo de pedras en espazos abertos e en sitios escuros.





Montaxe e fotos:
Mon Daporta e Adela Leiro
Debuxos: Mon Daporta
Xuño 2026